

FARO DA CULTURA

nº 151 • Xoves, 2 de febreiro de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

Na última edición dos “Oscar”, a Academia de Hollywood decidiu premiar cos galardóns mais importantes o film *Milion Dollar Baby*, última película, polo de agora, de Clint Eastwood, un dos profesionais máis veteranos do cinema mundial. Tamén cabe dicir que, só a través de entregar bos traballos, Eastwood foi quen de tirar de enriba esa etiqueta de “duro”, apenas capacitado para os western e/ou Harry “o Sucio”.

A súa persoaxe na serie *Rawhide*, onde interpretaba a un apacible vaqueiro, chamou a atención de Sergio Leone, quen o convenceu para cruzar o océano e aterrar en Almería a rodar *Por un puñado de dólares*, remake en clave de western do film *Yojimbo*, de Akira Kurosawa, director xaponés polo cal Eastwood sentía especial admiración. *Por un puñado...*, rodada en España, inauguraría o (sub)xénero denominado “Spaghetti-Western” que tantos beneficios económicos lle reportaría ás produtoras italo-españolas creadas exclusivamente para este tipo de films. Forma xa parte da historia cinematográfica a personaxe de “home sen nome” na triloxía dos dólares; o éxito destas películas

noite do xardín do Ben e do Mal son bos exemplos da perda de confianza do cineasta respecto do seu entorno. Na escena que pecha *Sen perdón*, William Munny, o despiadado asasino de homes, mulleres, nenos e calquera cousa que tivese vida, ameaza aos cidadáns de Big Wytshkey con matarlles as súas esposas e fillos e queimarles as casas, se algún intenta algo contra del; esta ameaza ten lugar debaixo dunha bandeira americana, facéndonos pensar nuha crítica velada á propia política exterior e a idea de xustiza -o ollo por ollo- imperante nos Usa. Para poder facer os filmes que lle gustan, Eastwood creou en 1971 a compañía “Malpaso”; dispoñendo dos cartos, dispón tamén do total poder de decisión á hora de escoller os traballos a filmar. O seu debut detrás da cámara produciuse, daquela, ese mesmo ano, 1971, co thriller *Calafío na noite*, onde deixando atrás os seus papeis de home duro, o actor-director interpreta a un discjockey acosado por unha fan. A película preséntase como unha impecable historia de terror psicolóxico. Un novo talento estaba xurdindo no cinema.

Clint Eastwood, o último clásico

FRAN F. JALDA

Se Eastwood se presenta coma unha auténtica rareza dentro do actual cinema feito en Hollywood, a súa postura ideolóxica tamé constitúe un enigma, pois estamos diante dun declarado militante republicano -mesmo foi alcalde de Carmel, unha pequena vila preto de San Francisco-; porén, esa declarada militancia resulta un tanto estraña unha vez que visonamos os seus films. Para algúns críticos a postura de Eastwood vén lembrar aqueloutra do mítico Sam Fuller, quen “padecía dun anarquismo de dereitas”, segundo el mesmo declaraba.

O gusto polos planos secuencia, os exteriores, as historias con personaxes ambiguos... convierten a Clint Eastwood nun director clásico que conta historias modernas. Unha característica fundamental dos seus films é a presenza do jazz, unha verdadeira paixón para el e que o levou a colaborar coa realización dun documental, *Piano Blues*, dentro da serie iniciada por Martin Scorsese sobre a historia da música blues e jazz nos Estados Unidos; de feito, só un admirador confeso de Charlie Parker podía realizar unha marabilla como *Bird*. En fin, os amantes do bo cinema só podemos pedir saúde e longa vida para Clint Eastwood para poderemos seguir disfrutando do seu quefacer.

Clave Cinema

abriulle de par en par ás portas do seu propio país, comezando así unha carreira de éxitos. Anos máis tarde, dedicaría o seu derradeiro western a dous directores moi especiais para el: Sergio Leone e Don Siegel. Visto dende a distancia, a figura do director italiano foi esencial para que Eastwood se dedicase o cine, mentres que Siegel foi o seu patrón artístico, pois moito é o que lle debe na forma de dirixir e mais de focar os personaxes. Polo demais, entre Siegel e Eastwood estableceuse, na década dos setenta, unha colaboración que acadaría éxitos tan sonados como *Harry o Sucio*, *Dúas mulas e unha muller* ou *A xungla humana*.

Nas últimas películas de Eastwood pódese apreciar unha ollada pesimista sobre a sociedade sociedade na que habita: *Mystic River*, *Milion Dollar Baby*, *Media*



✧ UNHA ENTREVISTA CON
X. L. MÉNDEZ FERRÍN / Páx. III

✧ A COLECCIÓN H&F NO MARCO:
“O MOMENTO SUSPENDIDO” / Páx. VI

✧ “MENIÑOS CANTORES”: PONTES
MUSICAIS SOBRE O MIÑO / Páx. VIII

Cando falamos de piratas e corsarios axiña veñen ao noso pensamento algunhas das páxinas máis memorables da literatura universal, como *A illa do tesouro* (1883) de Stevenson, e evocamos as aventuras de piratas tan coñecidos como Barbanegra: o máis temido pirata do Caribe.

Porén, a esta crenza tan espallada entre nós, cómpre opor dúas observacións: primeira, os termos pirata e corsario non son sinónimos, o primeiro refírese a aqueles individuos que asaltaban calquera tipo de embarcación coa intención de roubar a súa carga, cando non a embarcación mesma, e, en ocasións, atacaban cidades enteiras e o segundo a aqueles capitáns de embarcacións privadas que recibían unha licenza do seu monarca, a famosa patente de corso, para atacar naves dun país inimigo; segunda, a piratería non se limita ao Caribe, de feito historicamente estivo asociada ás principais rexións comerciais do mundo (o golfo Pérsico e de Bengala, o Mediterráneo e o propio Caribe) e, por suposto, tamén afectou ao litoral galego, onde a piratería inglesa, pero tamén a francesa e a portuguesa, provocou a ruína da actividade comercial das vilas de Baiona, Pontevedra e, entre outras, A Coruña nos séculos XVI, XVII e XVIII.

Efectivamente, alén das incursións realizadas polos normandos e os almorávides en tempos medievais, as costas galegas foron visitadas por piratas en numerosas ocasións entre os séculos XVI e XIX, nos que se concentra unha intensa actividade pirata da que conservamos unha memoria histórica colectiva que pasou a formar parte do noso imaxinario colectivo: velaí está María Pita ou os seguintes versos: “Viñeron os mouros arrenegados, // lá de moi lonxe, lonxe, lonxe. // Todo arrasaron e estaba el // alá pra lonxe, lonxe, lonxe. // ¡Quen fora galgo, // quen fora paxaro, // quen fora vento!”, como mostra.

Así, da intensa actividade pirata nas nosas costas o ataque á cidade da Coruña por unha flota inglesa, ao mando de sir Francis Drake, o 4 de maio de 1589 en resposta á Grande Armada que o ano anterior Filipe II enviara a invadir Inglaterra, que malia a desproporción de forzas existente entre os contendentes orixinou grandes mostras de heroísmo na defensa da cidade: velaí está, segundo as crónicas da época, a providencial intervención da heroica María Pita, quen coa súa acción evitou que as tropas inglesas atravesasen as murallas da cidade e fixo posible a salvación da cidade.



Á abordaxe

Outro feito relacionado con actos de piratería que é continuamente lembrado e evocado é o ataque berberisco á vila de Cangas na mañanciña do 9 de decembro de 1617, protagonizado por once embarcacións que entre os días 4 e 8 practicaran a rapina e a pillaxe noutras vilas da ría, como Bouzas, o porto do Areal de Vigo, o portiño de Teis ou a aldea de Domaio, nas que provocaran numerosos mortos e se fixeran cun importante botín; con todo, o ataque máis intenso, debido a que se prolongou durante tres días de morte, incendios e destrución, foi o que realizaron á vila de Cangas. Con eles leváronse un farturo botín e ducias de presos que foron levados ao cativerio en Alxer, polo que tralo ataque a vila de Cangas tardou en recuperarse. Como antes na Coruña, en Cangas tamén xorde o nome dunha heroína que axiña foi condenada por bruxería e queimada nas fogueiras da Inquisición: María Soliño.

En resposta á intensa actividade pirata, establecéronse sistemas de alarma no litoral galego, entre A Guarda e Fisterra, que alertaban do perigo aos veciños deses lugares; non obstante, á marxe desta actividade veciñas, moitas veces moi efectiva, salientaron varios intentos de organización dunha resistencia, como a aparición dos monxes artilleiros de Oia, que exerceron un papel moi importante na defensa da piratería no litoral miñoto, ou a creación dunha pequena armada de Galicia que vixiase as costas no século XVI.

Así mesmo, os galegos non só padecemos a piratería estranxeira; de feito, alén dos corsarios galegos, tan abundantes durante as guerras napoleónicas, tamén houbo piratas galegos, velaí están os exemplos de Benito Soto de Pontevedra, condenado a morrer aforcado en Xibraltar, e Bernardo Soto da Coruña, tamén condenado á forca en Boston no ano 1834 e salvado pola clemencia do presidente Jackson dos EEUU.

O señor de Chirleu

As costas galegas, por outra parte, tamén foron testemuñas da actividade corsaria durante as guerras napoleónicas (1797-1808), tempos nos que, como sinalaba nestas mesmas páxinas Alberto Fortes, autor d'*O corsario: vida e tempos de Juan Gago de Mendoza* (2005), “no corso estaban metidos moitos comerciantes, xentes da burguesía... que podían adiantar o diñeiro” que se precisaba para afrontar o pagamento da fianza coa que o Estado tiña que facer fronte ás reclamacións que puidesen efectuar as embarcacións inxustamente asaltadas, ben por ser de países amigos, ben por non levar mercancías prohibidas, pois cómpre non esquecer que a patente de corso outorgábase o Estado, polo que os corsarios tiñan que seguir unha estrita regulamentación legal que combinaba os intereses defensivos da Coroa cos intereses económicos dos armadores.

Non obstante, de entre todos os corsarios que actuaron nas costas galegas, Juan Gago de Mendoza, nacido na casa da Brea (O Morrazo) en 1761, foi un dos máis coñecidos. Así, grazas á recente biografía que vén de publicar Alberto Fortes, sabemos que o señor do Chirleu, como era coñecido Juan Gago, descendente dunha das familias de maior abolengo de Pontevedra, foi un importante armador que gozou de patente de corso durante a guerra de guerrillas naval contra os ingleses, polo que protagonizou algúns dos feitos máis relevantes da historia naval de Galicia, como a persecución á que foron sometidos pola corveta inglesa *Kinisfin*, destinada a loitar contra os corsarios galegos, e que lle levou a participar na defensa do forte de Fisterra, en 1797.

Con todo, malia a súa acadada por Juan Gago nos seus anos de corsario (entre 1797 e 1801, primeiro, e entre 1805 e 1808, despois), o certo é que o señor do Chirleu morreu na máis absoluta ruína en 1833; non obstante, malia certas opinións que relacionan esa situación como consecuencia da represión da que sería obxecto por ter participado na proclamación do goberno constitucional en 1820, o que non concorda coa súa actuación á fronte das alarmas realistas do Morrazo durante a guerra de Independencia, todo parece indicar que a súa ruína estivo relacionada con varios preitos abertos contra el polos seus sobriños.

Corsarios e piratas no mar de Galiza

ALFREDO IGLESIAS

ENTREVISTA

Quen vén ser ese Maquieiro contra o que Vde. loita, cos seus versos?

-Non o sei, iso teno que resolver o lector. Se aos lectores se lle dan os enigmas resoltos e mais as solucións... pérdese a base e corremos o risco de que, dentro de cen anos, non poida aparecer outro Maquieiro porque xa estaba resolto de antes.

-Na obra fai unha revisión, en clave poética, do século XX. Neste senso, un dos versos de "Contra Maquieiro" di: "Esto non é unha crónica, é bile". Hai nestas palabras algo de importancia ao ver como transcorreu o tempo?

-Non, en absoluto. Eu penso que nós fixemos o que tivemos que facer, e os outros fixeron o que tiñan que facer. Pero a miña impresión é que, sendo, o XX, o século no que os dereitos humanos e mais a vida humana chegaron a ser tan profundamente valorados, foi tamén o século no que o capitalismo impediu esa valoración e destruíuna mesmo.

-Fai Vde. unha invocación á Razón para loitar contra Maquieiro, pero eu quería preguntarlle se...

-Cando un periodista di "pero", un entrevistado ten que botar man ao revólver... Di, di "pero"...

... "Pero" quería preguntarlle se non pensa que a Razón, a ciencia, os dereitos humanos, están secuestrados por Maquieiro, quen lles cambia o sentido orixinal.

-A resposta é que si.

- "Non hai épica capaz de todo isto". Despois de toda a morte e o sufrimento do século XX, é difícil cantalo en clave de epopea?

-Unha epopea con matiz elexiaco. Morreu moito inocente. Eu creo que, neste poema meu, en realidade eu non canto aos meus heroes, nin aos revolucionarios que morreron, nin ás vítimas do meu partido ou ás da causa da emancipación humana. Canto, sobre todo, ás vítimas sen nome, sen epitafio, sen memoria.

-Cre que é imprescindible, polo tanto, facer ese exercicio de defensa da memoria histórica, nun tempo de revisionismos, mesmo inmorais, sobre, por exemplo, a Guerra Civil española ou o Holocausto?

-Tamén a resposta é si. Os xudeus, en xeral, pero moi especialmente os sionistas, levan décadas combatendo pola memoria do seu Holocausto. Eu non sei por que eles o poden levar adiante e os galegos e os españois non podemos facer o mesmo co noso Holocausto... Dimo ti: por que non o podemos facer?


-Haberá que facelo agora...

-Estase facendo. Nunca se deixou de facer. O que acontece é que nos pactos pola reforma política -pactos nos que non me sinto implicado, porque os nacionalistas galegos non participamos neles- estableceuse un punto, nunca escrito, de que non hai que ter memoria. A memoria é boa, excelente. Está en Freud, non o digo eu. Hai que rememorar para salvarse.

-En "Profecía de Taramundi", o Ferreiro Lombardía fala de facer unha Nova Alianza para seguir loitando contra Maquieiro. Quen tería que integrar esa Nova Alianza?

-Hai un par de días, Hugo Chávez sinalou, con toda claridade, cal era esa nova alianza. Dixo que o Foro de Porto Alegre tiña que converterse nunha internacional socialista... outra vez.

-Pasaron once anos dende a publicación de "Estirpe" e trinta dende "Con pólvora e magnolias". Como evoluiu a voz poética de Méndez Ferrín nestas tres décadas?



RICARDO GROBAS

Xosé Luis Méndez Ferrín

“A literatura galega é un territorio nacional liberado”

Tras once anos de silencio, a voz poética de X. L. Méndez Ferrín volve facerse presente en *Contra Maquieiro* (Edicións Xerais), obra na que canta “ás vítimas sen nome, sen epitafio, sen memoria”

NATALIA ÁLVAREZ

-Pois con meandros, con idas e con voltas. A miña voz poética desaparece durante longuísimos períodos e, de súpeto, faise presente sen eu buscala. Non son zahorí, non vou buscar onde están as augas subterráneas. Son elas as que veñen á superficie e me indican por onde teño que ir.

-Nas súas "Conversas" con Xosé Manuel del Caño, afirma que "o peor inimigo dun escritor é a vaidade". Como loita Vde. contra ela, cando o proponen como candidato para o Nobel de Literatura ou cando os editores galegos o elixen autor do ano?

-Síntome con moita vergoña e moi agraciado.

-Pasoulle pola cabeza algunha vez que lle podían conceder o Nobel?

-Se o pensase, sería unha fantasía. É como as grandes fantasías sexuais, irrealizables e absolutamente privadas. De todos os xeitos, non se lle pode dar un premio Nobel a ninguén, non a min, que aquí non estou sendo humilde, senón a ninguén que non escriba nunha das linguas internacionalmente recoñecidas. Pensa que pa-

ra que un chinés recibise un premio Nobel tiveron que pasar case cen anos. Io fai pensar que a Academia Sueca, que é moi culta, sen dúbida, non está preparada, e é imposible que o estea, para recoller toda a realidade lingüística do mundo. Creo que en todas as linguas existen grandes escritores, pero nin ti nin eu seríamos capaces de dicir, por exemplo, o nome dun escritor en aymara. Polo tanto, na mente dun académico sueco non hai ningún escritor que escriba nunha lingua chamada galego.

-Permítame agora caer no tópico e preguntarlle pola súa opinión acerca do presente da literatura galega.

-Véxoa nunha situación excelente. Xa dixen en máis dunha ocasión que a literatura galega, dende o século XIX, está moi por diante, non digo do pobo, en absoluto, pero si dos estamentos que dominan o pobo. No século XIX, Rosalía, Pondal e Curros estaban, evidentemente, por riba de Bugallal, Montero Ríos e os políticos galegos que andaban por Madrid. E a literatura galega, hoxe, está a anos luz en valores do que representa Rajoy, por poñer un caso. E por iso a literatura galega non pode esquecer nunca, e probablemente os escritores e lectores en galego

o saiban, que é un territorio nacional liberado. Agora o que temos que facer é liberar o territorio real.

-Preocúpalle máis a lingua?

-Non separo a lingua da literatura. Para min é o mesmo, xa que a literatura é unha forma de expresión superior da lingua, á que a salvou da súa descomposición e desaparición. Neste momento non estaríamos ti e mais eu falando en galego se non houbera Rosalía. Galicia non se someteu na medida en que non se someteu a súa lingua, que resistiu. E a literatura é o territorio privilexiado da resistencia. Por iso a lingua literaria é o inimigo contra o que queren combater. "Como escribides nun galego inventado?", din. Claro! Se a lingua literaria é unha lingua inventada. "Como vos atrevedes a escribir ensaio? En todo caso, falade como a xente". Pero a xente en Valladolid non fala como Azorín.

-Podemos afirmar, entón, que grazas a Rosalía, a Curros, a Pondal... hoxe podemos ler ensaio en galego, ciencia en galego...

-Sen dúbida. E hoxe o galego é unha lingua que se está a perder, pero que pode recuperarse.

-É pesimista?

-Non son nin pesimista nin optimista. Depende de nós. O hebreu perdeuse como lingua oral no cautiverio de Babilonia e o sionismo converteuno nunha lingua viva. Esas cousas poden ocorrer. Eu coñecín o vasco cando o falaban menos de quinietas mil persoas, e ademais con vergoña, e hoxe o vasco está recuperado, e recuperado para sempre, probablemente. E o mesmo pode acontecer co galego. O que pasa é que ten que haber unha vontade política de querer facelo, que ata o de agora non a houbo.

-E agora haina?

-Creo, realmente, que segue sen habela.

-En "Conversas" non deixa "tútere con cabeza..."

-Ese foi Don Quixote, no capítulo en que bateu contra os tipos que facían marionetas e, confundindo a realidade cos seus soños esquizofrénicos, comezou a cortarlle a cabeza aos monicreces. Iso é non deixar tútere con cabeza. Eu coído que ataco a personaxes e ideas reais.

-O que lle quería preguntar era se, nun tempo no que hai moitísimos conservadores cun pasado comunista, maoísta... é difícil non desviarse da liña ideolóxica que se ten seguido toda a vida?

-Non, ao contrario; é sentirse un privilexiado. Sempre existiron persoas que son, como se di en castelán, "hambrones", pícaros, xente que vai de amo en amo, como o Lazariño. Pois que lles vaia bonito.

-"Detesto España. Todo o mal que me fixeron, culturalmente e educacionalmente, vai unido a España". Non cre que esa España que lle fixo tanto mal xa non é a actual?

-É a actual, é a pasada e é todas. España, para min, vai unida absolutamente a todo o que eu detesto: os mitos, o Cid, os Reis Católicos, a masacre do pobo xudeu, a conquista e destrución das culturas americanas, o catolicismo... Polo tanto, eu non lle teño afecto a España. Sei que hai unha idea de España diferente, que é a republicana, á que eu respeto, pero esa está vencida. Cando vexo unha bandeira española republicana, sinto respecto, porque baixo ela morreron as xentes miñas, as que eu quero. Pero cando vexo a bicolor sinto, realmente, repulsión. Odio absoluto. Pero, en fin, esas son cuestións de bile, e a bile é irracional.

Fantasia e realidade

Escribiu P. Morand, un dos biógrafos de Maupassant, que canto máis camiña este escritor dentro do fantástico, máis progresa no irreal e máis persegue de preto a realidade.

A presente selección trata de ofrecer esa visión global da obra. Os relatos aquí incluídos, entrelazados e mesturados neses dous terreos que dan título ao volume, son unha boa mostra dos grandes temas deste escritor. Non se botan de falta algunhas das súas grandes obras mestras, nas que soubo combinar como ninguén o cotián e o realismo co misterio do que que palpita tras a porta, todo un laboratorio de concisión estilística e suxestión que fan de Guy de Maupassant un dos principais contistas da literatura francesa e universal.

E porque foi o conto o xénero ao que se adaptou definitivamente o seu enxeño (escribiu dezaseis volumes), os textos que aquí se ofrecen, a excepción de "O Horla", teñen cabida no formato do relato breve que apenas abarca as 9 ou 10 páxinas, capaz de ofere-

cer a visión cruel e pesimista do ser humano e, ao mesmo tempo, ir máis alá e mostrar os trazos da visión que da vida e de si mesmo ten Maupassant.

Maupassant puido observar e estudar moitas capas e clases sociais coa obxectividade que lle recomendara Flaubert. E a sociedade que nos describe é unha sociedade hipócrita, de dobre moral, que marxina aos débiles. Pero a enfermidade de Maupassant deita tamén na obra unha sombra de desolación íntima. Os contos de fantasía que figuran neste volume son intentos de sublimar o seu propio terror. Maupassant, que comezou a sufrir perturbacións mentais, re-

MANUEL ROSALES



vélase nas súas páxinas de medo con todo o sabor do confidente autobiográfico. O fantástico en Maupassant desenvólvese no terreo das obsesións íntimas, como un enfermo que expresa as súas

angurias. A obra de Maupassant inscribese así a marca dunha renuncia de si mesmo portadora da loucura e da morte. É a protesta desesperada dun home que sente que a súa razón se desintegra. E non hai nada máis lúcido que o relato desa alienación, a implacable aventura dunha conciencia que reflicte o mundo cun ton que lembra a grandeza de Poe, no desenvolvemento da acción e no desenlace sorprendente.

Como o estadounidense, o escritor galo cultivou o conto cunha prosa concisa, esmerada e nervosa, que sabe atraer ao lector e que xa fora enalzada por todos os críticos. Coa presente escolma, que conta co aliciente da tradución e introdución de María Isabel García, temos a oportunidade de reler ou achegarnos por vez primeira á obra dun dos grandes narradores universais.

MAUPASSANT, Guy; *Fantasia e realidade* (trad. Isabel García Fernández), Ed. Ir Indo, Vigo, 2005, 170 páxinas

Soños de Orfeu

Frescura dunha escrita vital

ROMÁN RAÑA

A caba de chegar ás miñas mans un breve libro, *Orfeu en soños*, que alberga unha rara intensidade. O seu autor é Ramón Blanco e as lapelas do volume non informan nada da súa data de nacemento nen dan noticia nengunha da súa biografía nen da súa bibliografía. Léndoo notamos pronto un enorme frescor na composición dos poemas, unha infatigábel ironía, un entusiasmo pola literatura que condén o ímpeto xovial dos que comezan unha carreira literaria. O prólogo é dun tal Walt Whitman, entrecortado, que salpica en cada liña de sexos inconfosos e unha enfebrecida alocución épico-lírica. Aquí temos o primeiro trazo do poemario: a erudición delirante. Atopamos citacións en varios idiomas e aínda citacións máis subtís intercaladas na metade das pezas. Despois achamos os tres alicerces cos que edifica o seu discurso poético: o erotismo desbordante, o xogo coas palabras e as reflexións acerca do sentido das cousas e da situación política do mundo. Con estes tres ingredientes, Ramón Blanco obtén logros como os que seguen: "Despois da estampa vén a derriba/e cal nube esfañada adéntrase/o arrebatado en mesta noite que desanda/máis non verte nin reverte/nin fora eu esta tristura."

grego éromai: "eu pergunto". Aquí descubrimos a disimulada asimilación de poetas maiores como Avilés de Taramancos, de Álvaro Cunqueiro, de Ferrín; mais tamén, na ruptura da sintaxe, de Ezra Pound, mesmo tropezamos con ecos de Dante e de Pessoa, de troveiros medievais e de tantos e tantos autores pretéritos que deixaron marca no espírito e na sensibilidade do noso escritor: "Noutras ocasións o verso de-



seña a con diáfana pincelada un contorno:/Hai un salgueiro que medra na marxe do río,/onde as follas beben o seu reflexo."

Para, outra veces, caír en certo prosaísmo social-realista cando o poeta declara a súa indignación contra as inxustizas da guerra (Iraq, Afganistán, etc.). Mesmo mencións amicais e un final en anticlimax ("Requerimento en 30 liñas"). Todo o demais é un ben elaborado caos onde o autor emprega o recurso da fragmentación e da ironía, o riso lábil, a frescura dunha escrita vital.

BLANCO, Ramón, *Orfeu en soños*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2005, 67 páxinas

A obra de Baña Pose

Autor popular aínda hoxe, malia o paso do tempo, na terra de Xallas e nas dos seus veciños bergantiñáns, barcaleses e soneiráns, Baña Pose é un perfecto descoñecido no resto de Galicia, agás no caso de puntuais especialistas. Con todo, Xosé Baña Pose probablemente merecese unha edición como a que Xosé María Rei Lema dispuxo, con especial tino e acerto, que superase os vellos tópicos que se reiteraban desde hai anos.

Así pois, asumindo que Baña Pose non pertence a ese grupo de autores que conseguen acadar unha resonancia perdurable pola súa produción, que podemos clasificar de corte popularista e costumista, esta non se manifesta, con todo, exenta de interese, aínda que só sexa polo feito de dar conta dun esforzo creativo que, ademais, contribúe a iluminar parcialmente a época que lle tocou vivir. Xa que logo, este volume compila, alén dos poemarios que editou en vida, ambos os dous en Cuba -*Vindicación, vida e milagros de Pepe de Xan*

Reivindicación dun autor popular

RAMÓN NICOLÁS



Baña en trinta anos en Cuba (1921) e máis *Suspiros na terraña* (1922)-, nesta ocasión comentados e anotados, un interesante feixe de textos, en prosa e verso, que o autor tiña até o de agora espallado en numerosos soportes e entre os que ocu-

pan un lugar destacado, ao meu ver, aqueles nos que o xalleiro se detén na relación literaria e persoal que mantivo con Curros Enríquez, ao longo da estada deste último na Habana.

Pola súa parte, a intervención do responsable da edición, alén de fixar e presentar os textos, resulta impecable. Nunha extensa introdución, talvez a máis demorada verbo de Baña Pose das publicadas até o de agora, alén de contextualizar historicamente ao autor, apunta con rigor os datos de corte biográfico -o seu periplo formativo, a vivencia da emigración cubana

(onde morrería en 1945), as polémicas nas que participou ou súa tendencia ideolóxica filofascista nos últimos anos da súa vida apoiando a candidatura que se opuña á liderada por Xerardo Álvarez Gallego á presidencia do Centro Galego da Habana nas eleccións de 1941-, para logo debuzarse na análise obxectiva da súa produción literaria, ofrecendo un estudo individual de cada un dos textos que integran os seus poemarios, afondando nas dimensións temáticas que resultaron máis recorrentes, na recepción que contou a súa produción -extraordinariamente virulenta a que expón Carballo Calero- e mais o desvelamento dos diversos pseudónimos que empregou.

Velaquí, así pois, unha oportunidade para accederen, os interesados, ao que Baña significou como poeta e prosista galego no seu tempo.

REI LEMA, Xosé M., *As historias de Pepe de Xan Baña*, Ed. tresCres, Sta. Comba (A Coruña), 2005, 458 páxinas


LIBROS

Lingua e poder social

A aparición desta obra aporta á bibliografía en galego un texto básico para o estudo da sociolingüística -tan citado e fotocopiado como, ata hoxe, difícil de atopar- onde se refunden dous títulos aparecidos hai máis de trinta anos, *Conflicte lingüística valencià e Idioma i prejudici*, que, como declara Pilar García Negro, tradutora e discípula do autor, son obras fundamentais para "orientaren e restableceren pautas restauradoras de linguas en proceso de asimilación", pois "combinan o máis rigoroso da interpretación co máis útil (itárico) para a transformación de pautas e condutas sociais". O estudo de Ninyoles basease nas relacións entre o catalán/valenciano e o español, un modelo de diglosia que coincide notablemente co galego.

En palabras do autor, o libro está "orientado substancialmente a unha análise do poder, dos mecanismos de desigualdade e mais da ideoloxía, desde unha das dimensións sociolóxicamente máis relevantes: a das relacións entre 'grupos lingüísticos'. A análise de dominación, do conflito social e da ideoloxía na súa especificidade histórica, face a un suposto modelo 'universal' de equilibrio e autorregulación do sistema, constitúe o núcleo central desta focaxe. Pode non ser, desde logo, a única focaxe, mais é a focaxe deste libro".

Como fenómeno social, a linguaxe supón un factor decisivo con respecto á exclusión/integración no grupo. O conflito lingüístico (máis social que lingüístico e, ás veces, por inconsciente, nen sequera considerado conflito) evidencia unha oposición



O valor pragmático do idioma

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

de intereses no seo dunha sociedade. Este fenómeno subxace, sobre todo, nos procesos diglósicos, onde unha lingua A, de uso formal e público (simbolicamente superior, obxectiva, práctica, forte, culta, masculina) convive cunha lingua B reservada a usos privados e coloquiais (inferior, subxectiva, sentimental, doce, natural, feminina), sendo cada unha delas expresión de afinidade cuns determinados modelos sociais. As connotacións ideolóxicas, coas súas idealizacións compensatorias ou os seus prexuízos denigratorios, máis ou menos racionalizados, conforman a percepción e, polo tanto, os estereotipos que identifican as linguas e os seus usuarios. Parale-

lamente, a mobilidade entre os grupos, normalmente con desexo de acadar status superiores, pode conducir ao autoodio ou á frustración cando o salto implica unha renuncia á identidade da que a lingua forma parte.

Os procesos derivados desa desigualdade conclúen coa substitución por asimilación á lingua A, ou ben coa normalización da lingua B; e para definilos é preciso coñecer as relacións, contradicións e antagonismos que afectan os membros da sociedade e que, precisamente, o uso dun determinado idioma agudiza ou fai patentes.

A normalización esixe o labor "filolóxico" de establecer normas supradialectais e comúns, fundamentais para a cohesión dunha lingua, pero tamén, ineludiblemente, cambios de índole sociopolítica que posibiliten o seu uso en pé de igualdade. Neste sentido, Ninyoles sinala, entre outros, os perigos do folclorismo reduccionista, e revisa conceptos que, coma lingua nai ou comunidades bilingües, confunden o biográfico co comunitario e dificultan unha eficaz abordaxe do proxecto normalizador. É o valor pragmático do idioma, non a validez do código en si, o que determina o seu uso ou abandono. Ningunha nai deixa aos fillos un lastre que lles impida medrar en sociedade. (Por certo... en Galicia, despois de anos de política de normalización, en que lingua é máis fácil vivir?)

NINYOLES, Rafael L., *Idioma e poder social* (trad. Pilar García Negro/Antonio Molexón), Ed. Llatiòvento, Santiago, 2005, 285 páxinas


É O VALOR PRAGMÁTICO DO IDIOMA O QUE VÉN DETERMINAR O USO, OU O ABANDONO, POR PARTE DOS SEUS FALANTES

Luz d'Os Eoas

Este traballo poético escribí unicamente con el objeto de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó también de los más arduos y arriscados y propios de mayores empeños", di ao lector o autor d'*Os Eoas*, Eduardo Pondal. Por fin!, podemos os lectores ler, non sen certo atraso -duns breves cento vinte anos-, ese traballo poético que con tan nobre fin compuxo o noso bardo. Traballo poético que edita, na editorial Sotelo Blanco, e coa meticulosidade que o caracteriza, o profesor Manuel Ferreiro, (re)descubridor do texto extraviado, e ao que antecede un estudo introdutorio no que nos ilustra sobre a súa historia, a súa fortuna editorial e os criterios con que fixo esta edición.

Ademais, nesta ocasión, a Real Academia Galega, posuidora dos dereitos desta primeira edición como depositaria dos textos, tivo a ben encargar, ao mesmo tempo que a edición do poema, un libro con dous estudos sobre el: un da autoría do profesor Xosé Ramón Pena ("*Os Eoas* e a procura dunha epopea fundacional") e outro do tamén profesor Manuel Forcadela ("Dos acuáticos eremos")

E por que esa demora na publicación (que case parece paralela ao tempo que o bardo tardou en darlle remate, nada menos que sesenta nos)? Non quería Pondal que se publicase, perdérase o texto ou, como Méndez Ferrín dixo hai vinte anos,



A (re) descuberta dun clásico

XOSÉ FEIXÓ

estaba "secuestrado" na Academia? Porque, en realidade, que *Os Eoas* existisen, ou que nalgún momento existisen, era algo en que poucos -como Ferrín, Pena, Amado Ricón e Forcadela-, que moitos cualificaron de "tolos", crían, e tamén era algo que, outros pouquiños, sabían ou souberon con absoluta certeza, como que viron cos seus propios ollos a versión definitiva: esa mesma que, por fin!, coñecemos agora.

A verdade é que, para achegarnos á historia da orixe e non-publicación d'*Os Eoas*, dos seus alicerces ideolóxicos (españolismo, galeguismo, iberismo, liberalismo e cristianismo) e da

"galeguización" de Colón, nada mellor que mergullarnos no excelente traballo de Xosé Ramón Pena, quen vai debullando, gran a gran, esta espiga tanto tempo agochada no canizo, e achegándonos, ademais, conclusións que, sen dúbida, abren, á súa vez, novas portas, preguntas e reflexións acerca do quefacer de Pondal e do propio Rexionalismo -ou parte del- no que militou.

E así podemos afirmar que por fin apareceron *Os Eoas*, os fillos do Sol, tantos anos agochados nunha noite escura, interminable e inxusta. Agora hai que interpretalos (e a iso contribúe o traballo intenso e profundo de Manuel Forcadela) con sentido, con xustiza, con dignidade; hai que tratar de entender o seu valor máis aló dos prexuízos, do aparente anacronismo, do baleiro sufrido sen este referente en que o poeta da raza fixo a Colón galego para maior gloria dos seus; e cómpre tamén, partindo dos traballos de Ferreiro, Pena e Forcadela, ir remoendo todos os datos e contribucións para chegar a unha interpretación honrada e cabal, á par que xeneralizada, destas 285 oitavas e aínda para revirmos o auténtico papel que Pondal desempeña no noso sistema literario. Porque, de certo, logo desta publicación, cabe pensar que as augas xa non poden permanecer máis tempo estancadas. Haberá un antes e un despois, logo de que *Os Eoas* xa viron a luz.

E, en fin, cumprirá tamén unha edición divulgativa capaz de chegar a un maior número de persoas, cousa que Pondal merece.

PONDAL, Eduardo, *Os Eoas* (ed. Manuel Ferreiro), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, 310 páxinas e PENA, Xosé Ramón e FORCADELA, Manuel, *Estudios sobre Os Eoas*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2005, 310 páxinas

TEN DE HABER UN ANTES E UN DESPOIS, LOGO DE QUE, FINALMENTE, "OS EOAS" DESEN CHEGADO ONDE TODOS NÓS



Arriba (á esquerda): "Cristal con condensación", de Naoya Hatakeyama (2001); á dereita, "Cativos" (1998), de Jeff Wall. Abaixo: Sam Taylor-Wood: "Soño" (2002).



As fotos de Víctor Boulet tamén nos falan de morte, pero dun xeito descarnado, e dese estado entre o sono e o acordar, dese intre intermedio e polo tanto tamén "suspendido", mentres as de Paul Kooiker captan na súa borrosa indefinición a fugacidade do tempo.

Sam Taylor-Wood no seu vídeo *Strings* e nas súas fotografías representa á perfección as suxestións que o argumento expositivo quere salientar, xa que no vídeo a danza levitante en medio da interpretación dun grupo de cámara é un auténtico e literal momento suspendido. As súas fotografías presentan cunha técnica neopictorialista a fragilidade do intre, a vida e a morte fusionadas con evidentes alusións á historia da pintura como a cita do Cristo de Mantegna.

Un dos conxuntos máis espectaculares da mostra son as dúas series do xaponés Naoya Hatakeyama: *Blast*, co tema dunha explosión, no que ten de expresión da forza non retida, en expansión e aberta na súa instantaneidade; a segunda serie, *Slow Glass*, fotografa a cidade, reflectida entre os vidros e as pingas de auga, creando un ambiente que provoca unha intensa señardade, produce a sensación dunha temporalidade paralizada ao tempo que cuestiona os límites entre a realidade e a abstracción.

A outro momento suspendido tamén responden as esculturas de Karen Sander, reproducindo en miniatura, logo de escanealas, persoas reais, ás veces do seus contorno máis íntimo.

A unha actitude conceptual responden as fotografías de ordenador de Jörg Sasse que traballa manipulando un material previo para a partir del crear unha realidade insólita que forza a nosa ollada. Conceptual é tamén a instalación de Otto Berchem, *Deadheading*. Outra instalación, a de Erwin Wurm, *Hold your breath and think about Spinoza*, precisa da participación do espectador que debe meditar seguindo as instrucións sinaladas. Tamén precisa do espectador a instalación de Diana Thater, *White is the Colour* que nos leva a movernos no interior da mesma baixo unha luz de neon.

O islandés Hrafnkell Sigurdsson ofrece nas súas fotos de tendas de campaña na neve o impacto natural, salvaxe e sutil da natureza nórdica, unha natureza minimalista presidida pola soitude.

O instante, dramático, poético, sempre vivo é o tema das fotografías de Gerald van der Kaap, mentres que para Roni Horn o mesmo instante é materia para a captación da pequenas mudanzas, case imperceptíbeis da realidade.

A mudanza dramática, o accidente é o tema do vídeo de Fabien Rigobert no que o importante é a percepción, a análise do movemento e do comportamento.

O *Momento suspendido*, a atractiva proposta que presenta o MARCO até o 7 de maio suxire dúas liñas de reflexión, ambas de enorme actualidade no panorama artístico contemporáneo.

En primeiro lugar salienta o que respecta á orixe dos fondos expostos, xa que se trata dunha selección da *Colección H & F*, propiedade do escritor holandés Han Nefkens, un coleccionista que concibe o súa relación coa arte dun xeito creativo e en diálogo coas institucións museísticas desde o mesmo concepto e punto de partida como coleccionista, mesmo desde a perspectiva da adquisición de obras, optando por compras seriadas, máis museábeis, actuando como un coleccionista creador que posibilita que as obras dialoguen con diferentes públicos, facilitando e posibilitando o xurdimento de unha grande diversidade de lecturas.

E este último aspecto é o que nos leva á segunda faceta que a mostra nos ofrece, porque nesta ocasión o que se nos presenta nas obras escolmadas pola comisaria Hilde Telerlinck é unha reflexión sobre un concepto xenérico: o momento suspendido, a captación do temporal e a súa visualización no ámbito plástico, un terreo de enormes suxestións ao longo da historia da arte e nas expresións artísticas contemporáneas, que nos transporta a sensacións como fugacidade, emocións intensas ou circunstancias vitais.

Por virtude da colección e da comisaria da exposición, *O momento suspendido* leva a cabo esta reflexión por medio de obras de notabilísima calidade e de un total de vinte autores entre os que achamos nomes chave na arte actual como é o caso de Jeff Wall, Naoya Hatakeyama, Dan Graham ou Jörg Sasse.

A mostra ábrese coa serie *Little Children*, de Jeff Wall, trátase de fotografía de imaxes moi planas, unha obra de calidades pictorialistas, que a forma de tondos non fai máis que reforzar. Mais desde o punto de vista do argumento expositivo o que salienta é a sensación que transmiten as obras de deter a realidade, creando auténticas vidas suspendidas, *still lifes*, entendendo o termo inglés nun sentido literal. A obra foi realizada para un pavillón para nenos que non se concre-

O Momento suspendido



A colección H&F no
MARCO

CARLOS L. BERNÁRDEZ

to e no que Wall colaborou con Dan Graham, artista tamén presente na mostra.

O cubano Félix González Torres nas súas fotografías elaboradas a xeito de quebra-cabezas incorpora unha nova reflexión sobre a temporalidade creando un ar saudoso no que a ausencia é a protagonista, como ofrecendo unha historia aberta á interpretación, mais na que podemos sentir a presenza da morte.

Pintura e Escultura

A pintura está representada por Bernard Frize e Prudencio Irazábal ambos moi interesados na investigación sobre a cor e a percepción visual, experimentando coa luz e os reflexos.

Na escultura destacan as obras minimalistas de Dan Graham e Angela Bulloch, esta última cunha captación dos ritmos na que realiza un proceso de deconstrución da cor. A un sentido máis monumental responde a obra de Thomas Rentmeister, unha escultura de poliéster de grande tamaño e peso, unha presenza forte, que absorbe e dá luz e enerxía e muda a nosa realidade espacial, como lembrándonos que calquera captación temporal non pode ser definida sen termos en conta a incontestábel presenza tridimensional.

INFANTIL/XUVENIL

Desde Labirinto

Unha temática que se inscribe no mundo da fantasía, uns personaxes medio reais, medio imaxinarios, unha aventura de forte sabor ficticio... velaí a novela que, baixo o título *Nun lugar chamado Labirinto*, vén de publicar Tambre na colección "Ala Delta." A autora Ánxela Gracián e o ilustrador Ramón Trigo ofrecen aos lectores a posibilidade de viaxar a un mundo imaxinario que se ben se rexe por unhas leis sobrenaturais, os personaxes son guiados por valores, ao parecer, estritamente terrenais.

Marú unha nena-meiga de sete anos decide ir buscar o seu pai-mago Axóuxere que no seu tempo, unha figura esvaecida, moi fea e sucia e que portaba unha gadaña de gume prataeado no lombo, levára do seu lado causándolle unha enorme tristeza, de modo que toda a súa vida e a dos que estaban con ela mudara. Nesta difícil e tortuosa viaxe, ademais de descifrar os enigmas da Espiral dos Catro Círculos, deberá sortear toda clase de perigos ata chegar a Labirinto e alí atopará o que buscaba.

Ás veces, non é doado assimilar a perda dalguén, ás veces, non hai explicación que darlle ás inxustizas, ás veces, doe ter que aceptar determinadas situa-

Na procura da busca interior

MARÍA NAVARRO



cións e ás veces tamén o alivio-respostas atópanse no interior de cada un, basta con entrar no labirinto da memoria e actualizar as lembranzas e os recordos para dende o presente vivilos de novo. Posiblemente nada será igual, porque tampouco un día é igual a outro, pero si se terá a oportunidade de facer noso o pasado.

Ao final de cada un dos capítulos sabemos da existencia de Martiño, a súa voz en off permítenos coñecer a súa angustia e a historia de Marú que tamén é a súa semella aliviar o rapaz transportando os seus desexos ao mundo da maxia: na imaxinación é posible vivir aventuras, loitar contra terribles seres diminutos ou escapar dunha bandada de corvos ... e atopar aquilo que busca. Logo a cadaquén cómprelle descubri-lo!

A novela dende o comezo transporta os lectores a mundos fantásticos, dignos da máis divertida serie televisiva e dende aquí desenvolve toda unha filosofía vital de busca interior, probablemente non captada polos nenos, pero si moi significativa.

GRACIÁN, Ánxela, *Nun lugar chamado Labirinto*, Ed. Tambre, Vigo, 2005, 99 páxinas

De ratos

Traxicomedia infantil

PAULA FERNÁNDEZ

Marisa Núñez vén de publicar con AQO editora, unha nova editorial de inevitable vinculación a Kalandraka polos parámetros que semella seguir, e onde xa publicou tamén outro contíño titulado *Celestino tarambainas, Rato Tom e rata Tomasa*. Trátase esta dunha historia adaptada a partir dun conto tradicional brasileiro de título "Dona Baratinha" que recolle tamén características da literatura tradicional galega, e así a un xogo de rimas e a unha estrutura que vai sumando acontecementos a medida que se van producindo engade fragmentos narrativos dinámicos que introducen plenamente, e sen posibilidade de erro, aos rapaces e rapazas que len na obra.


Ao tempo que conxuga aspectos traxicos e cómicos, nunha sorte de traxicomedia infantil, narra a historia de dou ratos máis que amigos, rato Tom e rata Tomasa. Debido a un erro, a ratiña entende que o seu amigo morreu e a partir de aquí toda unha serie de animais ou ben aspectos relacionados coa natureza irán lamentándose, amosando a súa dor emocionalmente e tamén fisicamente, pois todos lucirán un loito moi particular que levará a chorar ao ceo, a se-

car a fonte, a deixar a árbore sen manto ou a deixar sen plumas aos paxariños. O desenlace neste caso é diferente ao do orixinal do Brasil e así o rato finalmente espertará do que non semella ser máis ca unha pequena e involuntaria borracheira.

A autora xoga con tradicións apegadas dende tempos inmemoriais ás persoas e que son comúns a diferentes culturas coma é o caso do loito, hoxe algo case descoñecido para os meniños e polo tanto a miúdo incomprendible para eles, mais achega esta tradición a un mundo onde cada un perde unha cousa case imprescindible para amosar esa dor, deste xeito xoga tamén co afecto que enternece a obra para xa finalmente ao coñecer o desenlace dotala da mesma compoñente humorística coa que comezara.

A dinamicidade da obra acadada grazas a ese ludismo das repeticións e das rimas, unha historia ben delimitada con principio e final, o humor que sempre provoca o equívoco e o feito de alternar diálogo canción e narración fan que os nenos e nenas de seguido sintan interese por unha obra que de seguro fai pensar no cariño e os sentimentos cara aos que temos máis preto.

NÚÑEZ, Marisa e CLIMATORIBUS, Alessandra, *Rato Tom e rata Tomasa*, OQO Ed., Pontevedra, 2005, 30 páxinas



ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

A illa do Dr. Moreau


H.G. Wells

Edicións Positivas. 167 páxinas

Pendrick sofre un naufraxio e recólleo, medio morto, un barco que leva un cargamento de animais con destino a unha pequena illa. A bordo do barco viaxan Montgomery e o doutor Moreau, un famoso psicólogo que fora acusado de realizar espantosos experimentos con animais. Pendrick vive un verdadeiro inferno cando descubre toda a verdade do proxecto de Moreau e se ve

atrapado no medio dunha rebelión que ten consecuencias catastróficas para os habitantes da illa e moi especialmente para os humanos. Será a rebelión dos "humanimais". Este clásico da literatu-

non perdeu intensidade co paso do tempo, e sobre todo nestes días en que a manipulación xenética comeza a estar nas máis recentes noticias, e mesmo no máis próximo e inquietante futuro.



Rosalía de Castro, a mulher e o poeta

Alberto Machado da Rosa

Edicións Lairovento. 266 páxinas

O presente volume recolle unha serie de traballos publicados en revistas especializadas de universidades de Nova Iorque e Wisconsin, que contribuíron para a canonización de internacionalización da poeta. Pola estreita relación cos galeguistas e os exilados galegos, e polo traballo en favor do coñecimento

da literatura e a cultura de Galiza no exterior, o nome de Machado da Rosa merece ombrear ao pé dos de Teófilo

Braga, Teixeira de Pascoais, Francisco da Cunha Leão ou Rodrigues Lapa, entre outros portugueses que traballaron por unha maior aproximación entre os povos do Norte e o Sul do Miño



Bouvard e Pécuchet

Gustave Flaubert

Editorial Toxosoutos. 310 páxinas

Bouvard e Pécuchet son dous homes mediocres que se deixan arrastar ás máis variadas disciplinas do saber, sen chegar a entender nada da arte nin da ciencia. Para moitos este libro é a metáfora da estupidez humana. Borges consideraba que o sentido desta magnífica novela era a im-

posible aprehensión do coñecemento. Igual que as empresas de Bouvard e Pécuchet, esta novela enciclopédica, concebida por Flaubert como a que sería a súa obra mestra, quedou inconclusa cerca do final, ao morrer este en 1880, sendo publicada postumamente no ano 1881.



Dende o cole

Alberto Urcaray

Editorial Everest. 60 páxinas

O colexio é todo un mundo por descubrir que nos asusta cando aínda non o coñecemos. Pero dende o cole, as cousas xa se ven doutra cor. As mestras convértense en fadiñas boas; os outros nenos, e novos amigos;

ler e escribir nunha aventura fascinante... ata o punto de que chega un día en que as vacacións nos parecen un tempo demasiado longo para gozar del sen a compañía dos "amigos de papel" e dos "colegiños".





Pontes musicais sobre o Miño

 DANIEL LAVESEDO

O pasado 25 de novembro, a UNESCO desestimou a candidatura galego-portuguesa para obra mestra do patrimonio inmaterial da Humanidade, e que procuraba dita distinción para as tradicións orais que ambos os dous países comparten. Foi unha mágoa non ter acadado a candidatura o seu recoñecemento, pois isto tería suposto un importante pulo ao coidado e transmisión dun acervo cultural común que xirou durante séculos arredor do ciclo agrario e da natureza e que hoxe día esmorece. Malia o non recoñecemento, ese acervo, que afunde as súas orixes nos devanceiros que habitaron este recanto da península Ibérica que os romanos deron en chamar Gallaecia, posúe unha riqueza inimaxinábel e isto é o que trasloce con claridade o completo traballo *Meniños Cantores*, (PAI música, 2005), e que supón a culminación dun proxecto ambicioso que xunto a cincocentos rapaces de ambas as marxes do Miño, -pertencentes a dezaseis centros educativos e mais a unha agrupación folclórica-, a cantar pezas que constitúen unha clara mostra da beleza e calidade deste patrimonio común.

Nenos e mais nenas de Vigo, Gondomar, -tamén da vila homónima portuguesa-, Baiona, O Rosal, Tomiño, Tui, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño e mais de Melgaço, Valença do Minho, Vila Nova de Cerveira, Caminha, Viana do Castelo, Trofa e Porto, interpretan cantigas populares, algunha delas ben coñecida e claro referente desta interconexión cultural coma "O Verdegaiño" ou "O Sancristán de Coímbra", acarón dalgunha peza de autor, até un total de dezanove temas que superan o nivel da mera curiosidade, van máis alá do seu valor etnográfico innegábel para chegar a se converter nalgúns casos en pequenas obras mestras que teñen na súa sinxeleza interpretativa o principal encanto. Por riba, a edición da obra gravada nos estudos Casa de Tolos de Mañufe, Gondomar, engade un interesante DVD que achega un monllo de extras, -catro horas de material audiovisual-, que van dende os videoclip das cancións que compoñen o disco, até un karaoke con trinta e dous temas e cunha edición catrilingüe, galego, portugués, castelán e inglés, que se repite no libreto que garda os dous discos.

**UN TRABAJO
COMPLETO, CON
COIDADO NOS
DETALLES; UNHA
OBRA MESTRA NA
NOSA TRADICIÓN ORAL**

Mais o disco *Meniños Cantores* conta ademais co aliciente de ser unha obra que pode ser gozada por un público dun amplo espectro de idades, pois ao divertimento que poden atopar os cativos coas cancións e karaokes devanditos, -que por outra banda non teñen porque non permitir pasar un bo pedazo tamén aos adultos-, únese o material que, coa feitura do documental, completa o traballo. Trátase de dous documentais, un deles centrado en como se foi desenvolvendo todo o proxecto, con imaxes das gravacións e información das vilas e cidades ás que pertencen os diferentes colexios e un segundo traballo, baseado no patrimonio inmaterial galego-portugués, que remata de lle dar senzo a toda a iniciativa *Meniños Cantores*, explicando o por que da importancia e éxito da experiencia. No documental vai aparecendo a nosa tradición oral, esgazada en cinco pólas que conforman a árbore que serve de logotipo á candidatura. Estas cinco pólas van sendo debulladas, amosándose algún exemplo de todas elas. Así aparecen, a cultura marítimo-fluvial, cun achegamento á pesca da lamprea no Miño; a cultura agraria, cunha ollada ao mundo do liño; a cultura vencellada ao lecer, onde podemos ollar unha Treboada, grupo de gaita e abondosa percusión típico das vilas miñotas, así como ranchos de reis ou a romaría de San João de Arga, en Caminha; os saberes e oficios tradicionais, do traballo do ouro en Portugal aos cabaqueiros do Rosal e mais o seu latín, pasando polo contrabando; e por último a literatura oral, cen-

Meniños Cantores

trada nos cantos ao desafío, nome que reciben de sempre nesta zona galego-portuguesa os cantos improvisados entre dous homes, coñecidos máis ao norte como regueifas. En definitiva, un traballo completo, laburado arreo e cun coidado máximo até nos mínimos detalles que nos amosa que temos, todos nós, unha obra mestra na nosa tradición oral.

Ponte nas ondas!!

A iniciativa *Ponte nas Ondas!!*, berce de todo o labor creado despois arredor da tradición oral galego-portuguesa, naceu no ano 1995, coincidindo coa inauguración da ponte sobre o río Miño que une as localidades de Salvaterra de Miño e Monção, e trátase dunha xornada de radio feita polos alumnos de máis de corenta centros de Galiza e do norte de Portugal. O alumnado traballa coordinado polos seus profesores, artellando cadanseus programas que logo son emitidos na xornada radiofónica, que xa veu pasar polo diferentes estudos onde se realizan as emisións rapaces de medio cento de centros galegos e portugueses, para alén de contar nas últimas edicións coa colaboración de alumnos de centros educativos do mundo todo, Guiné-Bissau, Arxentina, Bretaña, Finlandia ..., a través da Internet. Polos micrófonos de *Ponte nas Ondas!!* teñen pasado persoeiros da cultura e o deporte galego e portugués, e programas de radio e televisión das dúas bandas da raia teñen conectado ao vivo coa xornada de radio.

A iniciativa, na que tamén participa dende o ano 2003 a Universidade de Vigo, está centrada dende hai uns anos na candidatura galego-portuguesa e na tradición oral común, co que os alumnos desenvolven traballos baseados neste tema, turrando todos nunha mesma dirección, aquela que buscan os máis de setenta docentes organizadores da xornada, e que non é outra que construír unha ponte de comunicación internacional que lle valla á mocidade de ambas as beiras do Miño para se comunicar e coñecer mellor, -e coa incorporación de centros de todo o mundo para coñeceren todas as outras realidades sociais e culturais-, ademais de fomentar valores positivos para os máis novos.

